

## Miles de persoas marchan polo galego

Escrito por Galicia Confidencial  
Domingo, 18 Maio 2014 04:32

---



17 de maio. Día das Letras Galegas, pero tamén de reivindicación polo noso idioma. Iso fixeron miles de persoas nas principais cidades galegas con duras críticas á política que nesta materia aplica a Xunta. 'Un paso adiante e outro adiante, Galiza! Defendamos ou noso idioma'. Esa foi a pancarta de Queremos Galego que presidiu todas as marchas que saíron ao medio día e que contaron co apoio das forzas da oposición no Parlamento, así como de movementos sindicais e de diferentes colectivos culturais e estudiantís. O presidente da Mesa pola Normalización Lingüística e portavoz de Queremos Galego, Marcos Maceira dixo que o galego é unha lingua que está "enferma, maltratada e desprestixiada" pero pola que está disposta a loitar "moita xente, a participar no seu uso, difusión, e promoción". "Iso é o que nos ten que alegrar porque é o que pode revertir a situación actual na que o galego por desgraza non ten a presenza que lle corresponde lexitimamente na nosa sociedade ao ser a lingua propia do noso país", dixo.

O portavoz parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda (AGE), Xosé Manuel Beiras, recorreu á ironía para falar da política lingüística da Xunta. "Son as da analfabetización e de feito é significativo que o presidente da Xunta confunda Poemas Galegos con Cantares Galegos", dixo dnha das obras máis coñecidas da poetisa Rosalía de Castro.

O histórico nacionalista criticou que aínda hoxe teñan que ser os cidadáns os que defendan o idioma contra quen ten a obrigaón institucional, non xa de defendelo, senón de convertelo na lingua "socialmente normalizada" nesta terra.

### Críticas polo xuízo a 12 persoas

Na marcha de Compostela, o escritor Suso de Toro lamentou, como xa fixeron varias forzas políticas da oposición, o xuízo que se iniciará o vindeiro martes contra 12 independentistas para quen a Fiscalía pide 45 anos de prisión en total e máis de 30.000 euros de multa pola súa implicación nos altercados que se produciron en febreiro de 2009 tras unha manifestación

## Miles de persoas marchan polo galego

Escrito por Galicia Confidencial  
Domingo, 18 Maio 2014 04:32

---

convocada pola plataforma Galicia Bilingüe na que participou UPyD. "Van ser xulgados uns mozos por defender a lingua galega cando fai cinco anos veu unha deputada por Madrid, a señora Rosa Díez, con varios autobuses cheos de persoas que querían criticar o que facíamos en Galicia, que era defender a nosa lingua".

En Pontevedra, unha cidade gobernada polo nacionalista Miguel Anxo Fernández Lores, a multitude congregouse na Praza da Peregrina. Entre os asistentes, estaban a maioría de edís locais do Bloque, dos cales foi Demetrio Gómez quen tomou a palabra tras unha breve actuación musical para reivindicar a importancia desta data.

*Información recollida polo xornal colaborador*

**[Galicia Confidencial](#)**